

***Nova aposta pola solidariedade*****EROSKI E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BANCOS DE ALIMENTOS (FESBAL) IMPULSAN UNHA NOVA EDICIÓN DA «RECOLLIDA DE PRIMAVERA»**

- A campaña solidaria desenvolverase esta fin de semana en hipermercados, supermercados e franquías da rede comercial de EROSKI.
- As persoas consumidoras poderán realizar doazóns económicas ao pasar pola caixa, tanto na tenda física como a través do supermercado en liña.
- EROSKI e a súa clientela canalizaron en 2025 máis de 2.300 toneladas de alimentos e produtos de hixiene mediante distintas campañas solidarias xunto aos bancos de alimentos e outras entidades sociais.

**Elorrio, 4 de xuño de 2026.**- [EROSKI](#) e a [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) poñen en marcha esta fin de semana unha nova edición da «Recollida de primavera», co obxectivo de recadar doazóns que se destinarán integramente á compra de alimentos para axudar a persoas e familias en situación de vulnerabilidade. A iniciativa desenvolverase este venres e sábado en hipermercados, supermercados e franquías da rede comercial de EROSKI.

A campaña levarase a cabo principalmente mediante doazóns económicas ao pasar pola caixa, tanto na tenda física como a través do supermercado en liña. Ademais, nalgúns establecementos do País Vasco, Navarra e as Illas Baleares tamén se realizará a recollida física de alimentos e produtos que doe a clientela. As achegas económicas quedarán a disposición dos bancos de alimentos para adquirir os produtos que consideren máis axeitados e necesarios en cada momento, o que lles permitirá atender as necesidades básicas de alimentación de miles de familias durante todo o ano.

---

**EROSKI: Dirección de Comunicación****Corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

**Tel: 946 211 214** [comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)**INCÓGNITO: Axencia de prensa**

Silvia Peralta

**Tel: 917 379 950**

A iniciativa contará tamén coa colaboración de persoas voluntarias dos bancos de alimentos, que estarán presentes en numerosos establecementos para informar e sensibilizar a clientela sobre a importancia desta campaña solidaria.

*«En EROSKI, entendemos a solidariedade como unha forma de compromiso permanente coa contorna e coas persoas que afrontan máis dificultades. Grazas á implicación da nosa clientela e ao traballo conxunto cos bancos de alimentos, esta campaña volve demostrar a enorme capacidade de mobilización solidaria da sociedade para garantir o acceso a unha alimentación digna para miles de familias»,* afirmou **Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.**

Pola súa banda, **Pedro Llorca Llinares, presidente da Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL)**, agradeceu *«o compromiso continuo de EROSKI con esta iniciativa solidaria e a implicación da súa clientela, cuxas achegas permiten aos bancos de alimentos responder ás necesidades de moitas persoas que pasan por situacións difíciles».*

EROSKI e a súa clientela doaron o ano pasado máis de 2.300 toneladas de alimentos e produtos de hixiene mediante distintas campañas solidarias que se desenvolveron xunto aos bancos de alimentos e outras entidades sociais, que equivalen a máis de 9 millóns de comidas para apoiar a máis de 2.500 familias en situación de vulnerabilidade

### **30 anos de colaboración cos bancos de alimentos**

A colaboración de EROSKI cos bancos de alimentos remóntase a 1996, por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que demandaban iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así naceron as primeiras campañas de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, a cooperativa iniciou o seu programa de doazón de alimentos próximos á súa data de consumo preferente pero aínda aptos para o consumo con total seguridade alimentaria. Grazas a este programa, doa cada ano miles de toneladas de alimentos a entidades sociais.

EROSKI recibiu o «Premio Espiga de ouro», o máximo galardón que concede a Federación Española de Bancos de Alimentos ás organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria de excedentes alimentarios.

### **Máis de 25 millóns de euros canalizados en 2025**

---

#### **EROSKI: Dirección de Comunicación**

##### **Corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 [comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

##### **INCÓGNITO: Axencia de prensa**

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

EROSKI canalizou o ano pasado máis de 25 millóns de euros para fins sociais, cos que beneficiou a máis de 280.000 persoas mediante a colaboración con 332 entidades sociais e públicas de todo o territorio.

Ademais das doazóns aos bancos de alimentos, EROSKI desenvolve outras iniciativas sociais, como o programa «Desperdicio cero», que evitou o desperdicio de máis de 65 millóns de comidas ao canalizalas a entidades sociais, o programa permanente «Céntimos solidarios» e distintas campañas puntuais de cooperación e axuda social.

#### **Acerca de EROSKI**

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,32 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2025, suma 1.508 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolineras, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6 millóns de socios clientes e máis de 28.000 persoas no seu cadro de persoal, das cales máis de 8.300 son socias propietarias.